

dunha revisión do ámbito territorial das confederacións hidrográficas actualmente definido no artigo 1 do Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos.*

O artigo 2 do Real decreto 650/1987, do 8 de maio, polo que se definen os ámbitos territoriais dos organismos de bacía e dos plans hidrolóxicos, queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 2. *Ámbitos territoriais dos plans hidrolóxicos.*

Os ámbitos territoriais dos plans hidrolóxicos coincidirán cos ámbitos territoriais das demarcacións que se fixan no Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, polo que se fixa o ámbito territorial das demarcacións hidrográficas.»

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

O ministro de Medio Ambiente ditará as normas que resulten precisas para o desenvolvemento e aplicación do previsto neste real decreto, sen prexuízo das competencias que, en materia de cooperación internacional con outros Estados, lle corresponden ao Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de febreiro de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
CRISTINA NARBONA RUIZ

2297 *REAL DECRETO 126/2007, do 2 de febreiro, polo que se regulan a composición, funcionamento e atribucións dos comités de autoridades competentes das demarcacións hidrográficas con bacías intercomunitarias. («BOE» 30, do 3-2-2007.)*

O artigo 36 bis do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, dispón a existencia, no caso das demarcacións hidrográficas con bacías intercomunitarias, dun órgano de cooperación denominado Comité de Autoridades Competentes. Determinadas polo Real decreto 125/2007, do 2 de febreiro, as demarcacións hidrográficas tal e como dispón o artigo 16 bis 5 do citado texto refundido, débese proceder a regular a composición, funcionamento e atribucións dos comités de autoridades competentes para os efectos de posibilitar o seu funcionamento efectivo.

Este real decreto desenvolve o previsto no artigo 3.2 da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de acción no ámbito da política de augas, e no punto terceiro do artigo 36 bis do texto refundido da Lei de augas, adoptando no relativo á Administración xeral do Estado as decisións concretas sobre o

número e a distribución de membros que deben estar presentes nos comités de autoridades competentes, igualándose aquel co número de representantes das comunidades autónomas, tal e como exige o parágrafo a) do artigo 36 bis.3 do citado texto refundido. En relación ás comunidades autónomas, o real decreto limitase a fixar as que deberán estar presentes nos comités de autoridades competentes a partir da simple constatación de cales son as que teñen o seu territorio, en todo ou en parte, dentro do ámbito da demarcación hidrográfica. Finalmente, destácase a representación das entidades locais.

En relación ao funcionamento dos comités, parece claro que o seu carácter de órgano de cooperación e a súa vinculación ao organismo de bacía da demarcación hidrográfica determinan que deba contar cun apoio específico dos servizos da presidencia do organismo de bacía dado que o presidente destes organismos é por determinación legal, pola súa vez, presidente do Comité de Autoridades Competentes.

Finalmente fíxanse as atribucións dos comités de autoridades competentes a partir do esquema básico presente no punto primeiro do artigo 36 bis do texto refundido da Lei de augas complementado coa referencia do artigo 99 bis.3. Para iso tívose bo coidado en respectar o seu carácter fundamental de órgano de cooperación e o que debe ser, loxicamente, obxectivo fundamental do comité, como é a súa participación nos procesos relativos á formación e revisión da planificación hidrolóxica, todo iso, claro está, desde a perspectiva específica que serve de base á creación deste órgano como é a protección das augas.

Este real decreto adopta as decisións fundamentais mediante as cales se poida constituír este novo órgano en cada demarcación hidrográfica, para así proceder ao cumprimento das funcións e atribucións que lle outorga o texto refundido da Lei de augas.

Finalmente, no procedemento de elaboración desta norma consultáronse, entre outros, as comunidades autónomas e o Consello Nacional da Auga.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de febreiro de 2007,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

É obxecto deste real decreto a regulación da composición, funcionamento e atribucións dos comités de autoridades competentes das demarcacións hidrográficas con bacías intercomunitarias previstos no artigo 36 bis do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xuño.

Artigo 2. *Natureza.*

1. Para garantir a adecuada cooperación na aplicación das normas de protección das augas, créanse no caso de demarcacións hidrográficas con bacías intercomunitarias, os comités de autoridades competentes.

2. A creación do comité de autoridades competentes da demarcación hidrográfica non afectará a titularidade das competencias que, nas materias relacionadas coa xestión das augas, lles correspondan ás distintas administracións públicas, que se continuarán exercendo de acordo co previsto en cada caso na normativa que resulte de aplicación, nin á titularidade ou exercicio das competencias que correspondan á Administración do Estado derivadas dos acordos internacionais, bilaterais ou multilaterais, nos que España sexa parte e resulten de aplicación.

Artigo 3. *Composición.*

1. O comité de autoridades competentes de cada demarcación hidrográfica con bacías intercomunitarias estará constituído polo presidente, un secretario e os vogais que máis adiante se concretan.

2. Será presidente do comité o do organismo de bacía.

3. Como secretario do comité, con voz pero sen voto, actuará o secretario xeral do organismo de bacía.

Artigo 4. *Distribución de vogais.*

1. En función dos criterios que establece o artigo 36 bis do texto refundido da Lei de augas, serán membros do comité de autoridades competentes das demarcacións hidrográficas con bacías intercomunitarias situadas en territorio español os seguintes:

a) Demarcación Hidrográfica do Guadalquivir. En representación da Administración xeral do Estado, un vogal do Ministerio de Medio Ambiente e dous vogais representando os restantes departamentos ministeriais. En representación das comunidades autónomas, un vogal para cada unha das comunidades citadas a continuación: Andalucía, Castilla-La Mancha, Extremadura e Región de Murcia. En representación das entidades locais, un vogal.

b) Demarcación Hidrográfica do Segura. En representación da Administración xeral do Estado, un vogal do Ministerio de Medio Ambiente e dous vogais representando os restantes departamentos ministeriais. En representación das comunidades autónomas, un vogal para cada unha das comunidades citadas a continuación: Andalucía, Castilla-La Mancha, Región de Murcia e Comunitat Valenciana. En representación das entidades locais, un vogal.

c) Demarcación Hidrográfica do Júcar. En representación da Administración xeral do Estado, un vogal do Ministerio de Medio Ambiente e tres vogais representando os restantes departamentos ministeriais. En representación das comunidades autónomas, un vogal para cada unha das comunidades citadas a continuación: Aragón, Castilla-La Mancha, Región de Murcia, Cataluña e Comunitat Valenciana. En representación das entidades locais, dous vogais.

2. Serán membros do comité de autoridades competentes das partes españolas das demarcacións hidrográficas correspondentes ás bacías hidrográficas compartidas con outros países os seguintes:

a) Parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Limia. En representación da Administración xeral do Estado, un vogal do Ministerio de Medio Ambiente e un vogal representando os restantes departamentos ministeriais. En representación das comunidades autónomas, un vogal para cada unha das comunidades citadas a continuación: Galicia, Principado de Asturias e Castilla y León. En representación das entidades locais, un vogal.

b) Parte española da Demarcación Hidrográfica do Norte. En representación da Administración xeral do Estado, un vogal do Ministerio de Medio Ambiente e catro vogais representando os restantes departamentos ministeriais. En representación das comunidades autónomas, un vogal para cada unha das comunidades citadas a continuación: Principado de Asturias, Cantabria, Castilla y León, Galicia, Navarra e País Vasco. En representación das entidades locais, dous vogais.

c) Parte española da Demarcación Hidrográfica do Douro. En representación da Administración xeral do Estado, tres vogais do Ministerio de Medio Ambiente e tres vogais representando os restantes departamentos ministeriais. En representación das comunidades autónomas, un vogal para cada unha das comunidades citadas a

continuación: Cantabria, Castilla-La Mancha, Castilla y León, Galicia, La Rioja, Extremadura e Madrid. En representación das entidades locais, dous vogais.

d) Parte española da Demarcación Hidrográfica do Texo. En representación da Administración xeral do Estado, un vogal do Ministerio de Medio Ambiente e tres vogais representando os restantes departamentos ministeriais. En representación das comunidades autónomas, un vogal para cada unha das comunidades citadas a continuación: Aragón, Castilla-La Mancha, Castilla y León, Extremadura e Madrid. En representación das entidades locais, dous vogais.

e) Parte española da Demarcación Hidrográfica do Guadiana. En representación da Administración xeral do Estado, un vogal do Ministerio de Medio Ambiente e un vogal representando os restantes departamentos ministeriais. En representación das comunidades autónomas, un vogal para cada unha das comunidades citadas a continuación: Andalucía, Castilla-La Mancha e Extremadura. En representación das entidades locais, un vogal.

f) Parte española da Demarcación Hidrográfica do Ebro. En representación da Administración xeral do Estado, catro vogais do Ministerio de Medio Ambiente e catro vogais representando os restantes departamentos ministeriais. En representación das comunidades autónomas, un vogal para cada unha das comunidades citadas a continuación: Aragón, Cantabria, Castilla-La Mancha, Castilla y León, Cataluña, Navarra, La Rioja, Comunitat Valenciana e País Vasco. En representación das entidades locais, tres vogais.

g) Demarcación Hidrográfica de Ceuta. En representación da Administración xeral do Estado, un vogal e en representación de Ceuta, un vogal.

h) Demarcación Hidrográfica de Melilla. En representación da Administración xeral do Estado, un vogal e en representación de Melilla, un vogal.

Artigo 5. *Designación dos membros.*

A designación dos membros do Comité de Autoridades Competentes da demarcación efectuarase do xeito seguinte:

1. Os vogais titulares e suplentes en representación da Administración xeral do Estado serán designados por acordo do Consello de Ministros, por iniciativa dos ministerios afectados e por proposta do Ministerio de Medio Ambiente.

2. Os vogais en representación das comunidades autónomas serán designados polo órgano autonómico competente para o efecto.

3. Os vogais representantes dos entes locais serán designados pola Federación Española de Municipios e Provincias, tendo en consideración as propostas das federacións territoriais de municipios, cuxo territorio coincida total ou parcialmente co da demarcación hidrográfica, con competencias sobre a protección e control das augas.

Artigo 6. *Funcionamento.*

1. O comité de autoridades competentes actuará ordinariamente en Pleno. O pleno poderá acordar a creación de grupos de traballo para a preparación, estudo e desenvolvemento de cuestións concretas propias do ámbito de cada unha delas.

2. O organismo de bacía prestará de forma xeral a asistencia ao comité de autoridades competentes mediante os servizos técnicos dependentes da Presidencia do organismo de bacía.

3. Sen prexuízo da posibilidade de que o Comité de Autoridades Competentes da demarcación elabore un regulamento interno de funcionamento, a súa actuación axustarase ao regulado na Lei 30/1992, do 26 de novem-

bro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común para o funcionamento dos órganos colexiados.

4. As reunións do Comité de Autoridades Competentes serán convocadas polo seu presidente acompañadas da orde do día e, se é o caso, dos documentos que sexan precisos para o seu adecuado desenvolvemento. Para este efecto, o presidente solicitará coa antelación suficiente un informe previo aos órganos estatais e autonómicos competentes sobre os asuntos incluídos na orde do día.

5. Os vogais poderán asistir ás reunións do Comité de Autoridades Competentes acompañados dun asesor.

6. O Comité de Autoridades Competentes reunirse cando menos dúas veces ao ano.

Artigo 7. *Das atribucións do Comité de Autoridades Competentes da demarcación.*

1. O Comité de Autoridades Competentes terá como funcións básicas:

a) Favorecer a cooperación no exercicio das competencias relacionadas coa protección das augas que posúan as distintas administracións públicas no seo da respectiva demarcación hidrográfica.

b) Impulsar a adopción polas administracións públicas competentes en cada demarcación das medidas que exixa o cumprimento das normas de protección do texto refundido da Lei de augas.

c) Proporcionarlle á Unión Europea, a través dos órganos competentes da Administración xeral do Estado, conforme a normativa vixente, a información relativa á demarcación hidrográfica que se requira.

2. En relación á cooperación directa entre as autoridades competentes no exercicio das competencias relacionadas coa protección das augas serán cometidos do Comité de Autoridades Competentes da demarcación os seguintes:

a) Favorecer a cooperación na elaboración de plans e programas.

b) Impulsar a adopción de acordos e convenios entre as distintas administracións públicas.

c) Supervisar a actualización do Rexistro de Zonas Protexidas.

3. No proceso de planificación hidrolóxica, serán cometidos do Comité de Autoridades Competentes da demarcación hidrográfica os seguintes:

a) Facilitar e garantir a achega de información por parte das autoridades competentes, requirida polo Consello da Auga da demarcación para a elaboración dos plans hidrolóxicos da demarcación.

b) Facilitar a cooperación entre autoridades competentes para a elaboración do esquema sobre os temas importantes da planificación hidrolóxica.

c) Facilitar a cooperación entre as autoridades competentes na elaboración dos programas de medidas e a súa incorporación ao Plan Hidrolóxico da demarcación hidrográfica.

Disposición adicional única. *Constitución dos comités de autoridades competentes.*

O Ministerio de Medio Ambiente, a través dos correspondentes organismos de bacía, levará a cabo as actuacións necesarias para que se poidan constituír os comités de autoridades competentes no prazo de tres meses a partir da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo.*

O ministro de Medio Ambiente ditará as normas que resulten precisas para o desenvolvemento e aplicación do previsto neste real decreto, sen prexuízo das competencias que en materia de cooperación internacional con outros Estados lle corresponden ao Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de febreiro de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
CRISTINA NARBONA RUIZ

XEFATURA DO ESTADO

2383 *CORRECCIÓN de erros da Lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior. («BOE» 31, do 5-2-2007.)*

Advertidos erros na Lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 18 en lingua galega, do 16 de decembro de 2006, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 2596, columna esquerda, onde di: «Artigo 10. Consello Xeral da Emigración.

1. O Consello Xeral da Emigración é un órgano...».
Debe dicir: «Artigo 10. Consello Xeral da Cidadanía Española no Exterior.

1. O Consello Xeral da Cidadanía Española no Exterior é un órgano...».

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

2480 *ORDE TAS/195/2007, do 2 de febreiro, pola que se establece a concesión de subvencións para financiar programas destinados á formación e inserción de traballadores inmigrantes. («BOE» 32, do 6-2-2007.)*

A Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, ao enumerar no seu artigo 2 os obxectivos da política de emprego, inclúe na alínea g) «Coordinar a súa articulación coa dimensión do fenómeno migratorio...».

Así mesmo, o artigo 13.e), punto 3.º, da mesma lei establece, entre as competencias do Servizo Público de Emprego Estatal, a xestión de programas de intermediación e políticas activas de emprego cuxo obxectivo sexa a integración laboral de traballadores inmigrantes, realizados nos seus países de orixe, facilitando a ordenación dos fluxos migratorios.